



## **COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS**

### **DATOS**

**Apellidos:** .....

**Nombre:** .....

**DNI / NIE:** .....

**Señale lo que corresponda:**

Enseñanza **LIBRE**  / **OFICIAL**

**Grupo / Profesor:** .....

### **INSTRUCCIONES PARA LA REALIZACIÓN DE LA ACTIVIDAD**

- Duración: **50 minutos**.
- Apague su **dispositivo móvil**.
- Escriba sólo con **bolígrafo azul o negro**.
- No olvide realizar **todas** las tareas.
- Escriba sus respuestas en **las hojas de respuestas**.
- Al finalizar, entregue **todas las hojas** utilizadas.

<b>PUNTUACIÓN TOTAL : ..... / 20</b>
--------------------------------------



## HOJA DE RESPUESTAS CTE

TAREA 1	SANTIAGO DE COMPOSTELA	..... /7,2 PUNTOS
---------	------------------------	-------------------

BANCO DE PALABRAS
apartamentos
arredores
cafeterías
contos
cruzamentos
museos
prazas
randeeiras
soportais
tellados
vistas

RESPOSTAS		Corr.
0	<i>contos</i>	✓
1		
2		
3		
4		
5		
6		
7		
8		
9		



TAREA 2	OS ZOCOS DE ELENA FERRO	..... /6,4 PUNTOS
---------	-------------------------	-------------------

	ASEVERACIÓNS	V / F	Corr.
0	<b><i>Os avós de Elena Ferro eran zoqueiros.</i></b>	V	✓
1	A familia Ferro vive dunha profesión que está desaparecendo.		
2	Para faceren os zocos usan, entre outros materiais, peles de orixe animal.		
3	Empregan cores arriscadas para fuxir das tendencias da moda.		
4	Os zocos recibiron un premio de artesanía tradicional por estaren inspirados na natureza.		
5	Os produtos de <i>eferro</i> mércanse unicamente a través da súa páxina web.		
6	Pódese visitar a tenda-taller para ver como se elaboran os zocos.		
7	Elena Ferro afirma que facer zocos foi unha arte menosprezada.		
8	A zoqueira asegura que as redes sociais contribuíron para a divulgación do seu traballo.		



TAREA 3	FILMES EN GALEGO	..... /6,4 PUNTOS
---------	------------------	-------------------

	En que filme...	LETRA DA RESPOSTA	Corr.
0	<i>se fala de incendios?</i>	<i>H</i>	✓
1	acontecen os feitos en doce horas?		
2	morre o amante da protagonista?		
3	se fala dun sentimento de odio?		
4	se perdeu un veciño?		
5	se reflicte un problema de tipo económico?		
6	se trata sobre o consumo dunha substancia daniña?		
7	un casamento foi noticia?		
8	un dos protagonistas traballa de sanitario?		
9	unha personaxe descansa nunha furna?		



## TEXTOS CTE

### TAREA 1. SANTIAGO DE COMPOSTELA

Escolla para cada espazo sinalado no texto o termo correcto entre os que aparecen no *banco de palabras*, como no exemplo 0. Teña en conta que cada vocábulo só se pode empregar unha vez e que **ATENCIÓN!** dispón de un a maiores dos que precisa.

..... / 7,2 PUNTOS

9 ITEMSx 0,8 PUNTOS

#### Santiago de Compostela

Cidade Patrimonio da Humanidade, Santiago de Compostela é pequena e bonita como as cidades dos **...(0)...***contos*... Ademais é tranquila, segura, moi agradábel para pasear.

A zona histórica é como un labirinto con moitos segredos. Está chea de rúas estreitas, casiñas e **...(1).....** e ten un pavimento de grandes pedras vellas coas que se pode xogar a non pisar as raias sen preocuparse polos coches, porque é toda peonil. Nas sereas **...(2).....** e praciñas hai moito espazo para xogar e cafeterías con terrazas ao aire libre. A Catedral, os antigos nomes das rúas, as gárgolas, as fontes... poden ser fascinantes para os pequenos se os adultos lles axudamos a descubrilas.

Santiago, que destaca pola súa cantidade de espazos verdes, ten uns parques estupendos. A maioría teñen **...(3).....**, e xogos infantís, moita sombra e fontes, ríos ou estanques onde viven os patos e peixes compostelás. Algúns están situados en zonas altas, para ver os **...(4).....** e os horizontes da cidade e facer boas fotos.

Pero Santiago ten aínda máis cousas para vós: rutas turísticas nun pequeno tren que percorre a cidade, **...(5).....** interesantes para pequenos e maiores, eventos e actividades culturais para nenos, parques de ocio, actividades de aventura, excursións para descubrir os **...(6).....** e ademais, moi preto, hai concorridas praias fluviais e está tamén o mar: as fantásticas rías de Galicia, con praias de augas tranquilas, area fina e todas as comodidades.

Os nenos son ben recibidos nos restaurantes e **...(7).....** da cidade. Moitos deles contan con menús infantís, aínda que quizais prefirades algúns pratos galegos que son tamén moi aptos para os padais dos *gourmets* pequenos.

Para aloxarvos tedes varias posibilidades: dende grandes cadeas hoteleiras a modernos**...(8).....**, bonitas casas completas, ou coquetos hoteis situados no casco monumental, que son tan confortábeis que vos sentiredes como na casa. E tamén os bungalós do cámping urbano, que está nun outeiro e ten **...(9).....** á cidade. E ademais están as casas de turismo rural próximas á cidade, onde gozaredes a tope da paisaxe galega.

Fonte: <https://www.santiagoturismo.com/santiago-en-familia>



**TAREA 2 . OS ZOCOS DE ELENA FERRO**

Indique se as seguintes aseveracións referidas ao texto son verdadeiras (V) ou falsas (F). Poña V ou F, como no exemplo 0.

..... / 6,4 PUNTOS

8 ITEMS x 0,8 PUNTOS

Os zocos de Elena Ferro

**FAMILIA FERRO**

Elena Ferro é a terceira xeración de zoqueiros da súa familia. Grazas á combinación da marroquinería coa elaboración dos zocos, Elena e a súa familia, que traballan baixo a marca **eferro** poden manter vivo un oficio tradicional actualmente en extinción, facendo del un modo de vida.

Para iso, modificou o uso tradicional dunha peza creada para cubrir unha necesidade básica converténdoa nunha peza adaptada ás tendencias actuais da moda. A partir de madeira de ameneiro, coiro de potro e vaca, curtido vexetal e engraxado e cromo encerado, cravos, goma reciclada, grampas, chatolas...

Crean unha nova liña de zocos realizada con deseños e cores atrevidos acorde coas tendencias da moda, inspirados na natureza e no mundo animal como os zocos "voa mariquiña voa" que foron galardoados co **Premio Artesanía Contemporánea Antón Fraguas**, onde o xurado premiou a visión contemporánea, refrescante e sen complexos, demostrando que a tradición e a modernidade son perfectamente compatibles.

**O TALLER**

Os produtos **eferro** atópanse principalmente en tendas e feiras especializadas, e van dende calzado a todo tipo de complementos como bolsos, carteiras, moedeiros, cintos.... Os seus zocos contan con diferentes tipos de tacóns e plataformas e libre elección en cor e peles...

Ven a visitarnos á nosa tenda-taller. Poderás ver todo o proceso.

**ENTREVISTA**

"Os zocos que deseño representan a nosa identidade cultural e social"

-*Que momento vive hoxe a súa tenda?*

Para nós é un momento moi bo porque estamos a revivir a arte que sempre estivo aí, pero que moitos desprezaban. Agora por fin dignificamos o noso traballo.

-*Cal foi a clave da súa expansión comercial?*

A clave reside en traballar moito e en ter feito pequenos cambios para adaptar os zocos aos tempos que vivimos hoxe en día. Pero foi un proceso moi longo e por iso non queremos que sexan unha moda, senón que sexan un calzado máis e que a xente saiba que se queren zocos, fanse zocos.

-*Hoxe os zocos están experimentando un grande auxe, a que atribúe este éxito?*

As redes sociais axudáronnos moito, especialmente, as montaxes que facemos con zoquiños pequenos ou coas escenas cotiás da labranza e do que somos. A publicación destas composicións no Facebook (EFerro) axudou moito á difusión do noso traballo porque, ademais de contar unha pequena historia, conseguen sacar un sorriso á xente.



<p><b>TAREA 3. FILMES EN GALEGO</b> Poña a letra do texto que conteste á pregunta formulada, como no exemplo 0. <b>ATENCIÓN!</b> Teña en conta que hai unha pregunta que non se relaciona con ningunha película, neste caso deixe o oco en branco.</p> <p style="text-align: right;"><b>8 ITEMS x 0,8 PUNTOS</b></p>	<p>..... / 6,4 PUNTOS</p>
--	---------------------------

FILMES EN GALEGO

<p><b>A. CUÑADOS</b> Eduardo e o seu cuñado Sabonis acaban de meter a zoca nos seus negocios e precisan cartos. Moito diñeiro. Será Sabonis quen atope a solución ao problema secuestrando a Modesto, cuñado de Alicia Zamora, a empresaria que os enganou e deixou tirados.</p>
<p><b>B. DOENTES</b> A historia narra os avatares de dous personaxes, que percorren a cidade entre as sete da tarde e as sete da mañá, nunha Compostela trepidante, chea de sorpresas, verdades inconfesábeis, enfermos, peregrinos perpetuos e pobres.</p>
<p><b>C. ELISA E MARCELA</b> As dúas mulleres constituíron o primeiro matrimonio entre persoas do mesmo sexo de España do que hai constancia. Elisa tivo que adoptar unha identidade masculina. A nova da súa voda difundíuse axiña por toda España e por varios países europeos.</p>
<p><b>D. HEROÍNA</b> A acción está ambientada en Galicia nos anos oitenta. Pilar é unha muller normal que un día descobre que un fillo dela é adicto á heroína. Outros moitos pais estanse encontrando co mesmo problema.</p>
<p><b>E. LONGA NOITE</b> Anxo regresa ao seu pobo na zona rural de Galicia. Alí atópase con rancor, tanto de gañadores coma de vencidos, quen perciben o perigo de profundizar en memorias que crían esquecidas.</p>
<p><b>F. LÚA VERMELLA</b> Nunha vila da costa galega o tempo semella terse detido. Toda as persoas están paralizadas aínda que as súas voces poden oírse: falan de pantasmas, de meigas, de monstros. Ao lugar chegan tres mulleres buscando ao Rubio, un mariñeiro da vila que desapareceu no mar.</p>
<p><b>G. MARIA SOLIÑA</b> O lendario dragón que dorme nunha cova debaixo da Illa de San Simón funciona como metáfora no filme e tamén como fío condutor xa que, como explica o director, <i>“María Solinha é atacada polo mesmo dragón nos séculos XVI e XXI”</i>.</p>
<p><b>H. O QUE ARDE</b> A historia desenvólvese nos Ancares en dúas realidades diferentes: a dun veciño pirómano que sae do cárcere e volve á vila; e a de dous brigadistas que loitan contra o lume.</p>
<p><b>I. QUEN A FERRO MATA</b> Nun pobo da costa galega vive Mario, un home exemplar. Na residencia de anciáns na que traballa como enfermeiro todos o aprecian. Cando o narco máis coñecido da zona, Antonio Padín, recentemente saído do cárcere, ingresa na residencia, Mario trata de que Antonio se sinta como na casa.</p>



## COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORALES

# PRUEBA DE CERTIFICACIÓN

### DATOS

Apellidos: .....

Nombre: .....

DNI / NIE: .....

Señale lo que corresponda:

Enseñanza LIBRE  / OFICIAL

Grupo / Profesor: .....

### INSTRUCCIONES PARA LA REALIZACIÓN DE LA ACTIVIDAD

- Duración: **35 minutos**
- Apague su **dispositivo móvil**.
- Escriba con **bolígrafo azul o negro**.
- Cada tarea se escuchará **dos veces**.
- Para cada una, el procedimiento será el siguiente:
  - **dos minutos** para leer el enunciado y la tarea
  - **primera escucha** del documento
  - **un minuto** para responder
  - **segunda escucha** del documento
  - **un minuto** para revisar las respuestas y anotarlas en la **hoja de respuestas** (reverso de esta página)
- Al finalizar, entregue **todas las hojas** utilizadas.

PUNTUACIÓN TOTAL : ..... / 20





## HOJA DE RESPUESTAS CTO

TAREA 1. As flores da cabaceira		..... /5,6 PUNTOS	
Indique, poñendo A, B ou C, cal das tres opcións dadas é a correcta, segundo o que se escoita no documento sonoro, como no exemplo 0. Só unha é a válida. (0,8 puntos cada ítem. Total: 5,6 puntos) Fonte: <a href="https://youtu.be/jNUtfqVI6eI">https://youtu.be/jNUtfqVI6eI</a>			
	PREGUNTAS	A / B / C	Corr.
<b>0</b>	<b>Que receita imos escoitar?</b>		
	A. Unha de cabazas de temporada.	<b>C</b>	✓
	B. Unha de flores de cabaza de temporada.		
	C. Unha de flores de cabaza en tempura.		
<b>1</b>	<b>Que tipo de flores de cabaceiras hai?</b>		
	A. Flores macho e flores femia que non se diferencian.		
	B. Flores macho e flores femia que se unen para dar froito.		
	C. Flores macho e flores femia que son distintas.		
<b>2</b>	<b>De que tipo de flores sae o froito?</b>		
	A. Das que son femia.		
	B. Das que son macho.		
	C. Das que teñen estame.		
<b>3</b>	<b>Por que recomendan seleccionar as flores macho?</b>		
	A. Para non botar a perder o froito		
	B. Para non danar a horta.		
	C. Para non estragar a receita.		
<b>4</b>	<b>Que ingredientes empregamos na receita, entre outros?</b>		
	A. Auga, sal e pemento.		
	B. Bicarbonato e fariña.		
	C. Leite.		
<b>5</b>	<b>Onde está o pole das flores de cabaza?</b>		
	A. Nas anteras.		
	B. Nos pétalos.		
	C. Nos sépalos.		
<b>6</b>	<b>Para que temos que pasar as flores por auga?</b>		
	A. Para eliminar algún bicho.		
	B. Para quitar o pole.		
	C. Para retirar restos de bicarbonato.		
<b>7</b>	<b>Cal é o último paso da receita?</b>		
	A. Mergullar as flores en tempura e cocelas.		
	B. Pasar as flores pola tempura e ferverlas.		
	C. Somerxer as flores en tempura e frixilas.		



<b>TAREA 2</b>	<b>O libro Made in Galiza</b>	<b>..... /8 PUNTOS</b>
----------------	-------------------------------	------------------------

Indique se as seguintes aseveracións referidas ao documento son verdadeiras (V) ou falsas (F). Poña V ou F, como no exemplo 0. As respostas deben basearse unicamente no contido deste audio.

Fonte: <https://youtu.be/wF3DGazWV2o>

(0,8 puntos cada ítem. Total: 8 puntos)

	<b>ASEVERACIÓN</b>	<b>V / F</b>	<b>Corr.</b>
0	O que fala di que máis da metade da súa audiencia é de fóra de España.	V	✓
1	Afirmase que no noroeste da Península se fala máis galego ca castelán.		
2	O falante vai facer unha recensión en galego dun libro escrito nesta lingua, xa que é consciente de que todo o mundo a vai comprender.		
3	<i>Made in Galiza</i> é un libro de Séchu Sendé que foi recomendado nun instituto para o 1º de bacharelato.		
4	A dificultade de facer unha recensión deste libro é que non posúe a típica estrutura de presentación, nó e desenlace.		
5	O libro <i>Made in Galiza</i> trata dunha única historia que se desenvolve nunhas 130 páxinas.		
6	O tema central de <i>Made in Galiza</i> é o das linguas maioritarias.		
7	Un dos temas principais do libro <i>Made in Galiza</i> é a historia dos nosos ancestros.		
8	Este libro baséase en historias que o autor viu no cinema.		
9	O falante di que o libro <i>Made in Galiza</i> lle recordou a algunha parte da obra de Castelao.		
10	Dise que o libro lle gustou a todo o alumnado da clase.		



<b>TAREA 3</b>	<b>Terras do leste: Portugal</b>	<b>..... /6,4 PUNTOS</b>
----------------	----------------------------------	--------------------------

Indique, riscando cun X, en que documento sonoro se atopa a resposta á pregunta formulada, como no exemplo 0. Cada pregunta ten a súa resposta nun único recadro, pero **ATENCIÓN!** hai unha que non se corresponde con ningún audio, neste caso déixea en branco.

**(0,8 puntos cada ítem. Total: 6,4 puntos)**

Fonte: <http://www.crtvg.es/tvg/a-carta/capitulo-1-portugal-miradoiro-oceanico>

	PREGUNTAS	AUDIOS				Corr .
		1	2	3	4	
	<b><i>En que documento sonoro escoitamos que ...</i></b>					
<b>0</b>	<i>as causas do dominio portugués hai que buscalas na súa historia?</i>				X	✓
<b>1</b>	a música típica de Portugal é o fado?					
<b>2</b>	as conquistas aconteceron hai máis de cinco séculos?					
<b>3</b>	as viaxes orixinaron lendas portuguesas?					
<b>4</b>	dous autores galegos participaron das viaxes alén mar?					
<b>5</b>	dous poetas portugueses escribiron sobre as viaxes ultramarinas?					
<b>6</b>	no sur do país hai turismo de sol?					
<b>7</b>	Portugal ten moi boas infraestruturas para o turismo.					
<b>8</b>	o desenvolvemento dunha escola de navegación influíu na expansión dos portugueses?					
<b>9</b>	os portugueses partían do cabo San Vicente?					



## MEDIACIÓN ESCRITA

### DATOS

Apellidos: .....

Nombre: .....

DNI / NIE: .....

Señale lo que corresponda:

Enseñanza LIBRE  / OFICIAL

Grupo / Profesor: .....

### INSTRUCCIONES PARA LA REALIZACIÓN DE LA ACTIVIDAD

- Duración: **25 minutos**
- Apague su **dispositivo móvil**.
- Escriba con **bolígrafo azul o negro**.
- Recuerde: **si no cumple la tarea**, la calificación será 0.
- Escriba su texto en **la hoja que se le facilita**.
- Al finalizar, entregue **todas las hojas** utilizadas.

**PUNTUACIÓN MEDIACIÓN ESCRITA : ..... / 10**

**PUNTUACIÓN MEDIACIÓN ORAL : ..... / 10**

**PUNTUACIÓN TOTAL MEDIACIÓN : ..... / 20**

**PRUEBA DE CERTIFICACIÓN**



CONTEXTO: Vostede ten unha amiga francesa que comezou hai dous anos a estudar galego e quere facer no verán o Camiño de Santiago. Pídelle axuda para que lle comente a seguinte información sobre esta aplicación para peregrinos.

..... / 10 PUNTOS

TAREFA: A partir deste texto, deberá elaborar outro para enviarlle por whatsapp á súa amiga, explicándolle **as principais vantaxes da app relacionadas, en concreto, coa seguranza no Camiño.**

OBSERVACIÓNS: Non repita literalmente as palabras do texto fonte nin engada ideas propias ou información que non sexa a dada no texto, salvo aquelas necesarias para facilitar a transmisión da información.

EXTENSIÓN DO TEXTO A REALIZAR: Entre 60 e 90 PALABRAS

TEMPO PARA A ELABORACIÓN DO SEU TEXTO: 25 MINUTOS

## TEXTO FUENTE

### A App do Camiño

Disporás, en tempo real, de toda a información que necesites en cada momento:

- Acceso a toda a información dos trazados oficiais das rutas. Ademais, para os usuarios rexistrados permitirá acceder ás rutas personalizadas no portal.
- Rede oficial de albergues coas súas características, horarios, localización, teléfono e fotos.
- Acceso á información de eventos (festas, concertos, talleres...).
- Información detallada (descrición, localización, imaxes...) de todos os recursos turísticos.
- En cada un dos tramos poderá consultar onde comer, onde aloxarse, que visitar...
- Alertas de ofertas publicadas de establecementos turísticos.
- Información en tempo real das condicións meteorolóxicas fornecidas por MeteoGalicia.
- Datos de contacto e dirección dos centros de saúde e emerxencias.
- Realidade aumentada que permitirá a través da cámara do móbil visualizar todos os puntos de interese situados nas proximidades.
- O *meu diario* permitirá gardar os momentos máis importantes do Camiño: (notas de texto/fotos), para posteriormente a través da funcionalidade do portal *A miña Experiencia* crear o seu propio libro dixital.
- Dispoñible nos idiomas galego, español e inglés.
- Ademais, a maior parte das súas funcións están dispoñibles sen necesidade de cobertura no móbil.

FONTE: Adaptado de <https://www.caminodesantiago.gal/gl/prepareate/utilidades-e-servizos>



**MEDIACIÓN ESCRITA**

**NOMBRE Y APELLIDOS:** .....

Empty space for writing the name and surnames, bounded by vertical lines.



## **PRODUCCIÓN Y COPRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS**

# **PRUEBA DE CERTIFICACIÓN**

### **DATOS**

**Apellidos:** .....

**Nombre:** .....

**DNI / NIE:** .....

**Señale lo que corresponda:**

Enseñanza **LIBRE**  / **OFICIAL**

**Grupo / Profesor:** .....

### **INSTRUCCIONES PARA LA REALIZACIÓN DE LA ACTIVIDAD**

- Duración: **60 minutos**
- Apague su **dispositivo móvil**.
- Escriba sólo con **bolígrafo azul o negro**.
- No olvide realizar **las dos tareas**.
- Recuerde: **si no cumple la tarea**, la calificación será 0.
- Escriba sus textos en **las hojas que se le facilitan**.
- Al finalizar, entregue **todas las hojas** utilizadas.

<b>PUNTUACIÓN TOTAL : ..... / 20</b>
--------------------------------------



<b>TAREA 1</b>	<p>Escriba un <b>artigo</b> para un xornal sobre os principais datos biográficos dunha persoa anónima ou famosa a quen admire ou lle teña influído na súa vida.</p> <p><b>Extensión aproximada 125 palabras</b></p>	<b>..... / 10 PUNTOS</b>
----------------	---	--------------------------

<b>TAREA 2</b>	<p>CONTEXTO: Unha amizade de hai anos escribiulle un correo a semana pasada para falarlle da posibilidade de faceren xuntos un voluntariado.</p> <p>TAREFA: Vostede decide escribirlle un <b>correo electrónico</b>. Nel vai:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>➤ Suxerir dúas posibles accións voluntarias e xustificalas en función das:<ul style="list-style-type: none"><li>-necesidades da contorna na que viven</li><li>-cualidades e intereses seus e da súa amizade</li></ul></li></ul> <p><b>Extensión aproximada 125 palabras</b></p>	<b>..... / 10 PUNTOS</b>
----------------	---	--------------------------





**PRODUCCIÓN Y COPRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS**

**NOMBRE Y APELLIDOS:** .....

Empty space for writing the response, bounded by vertical lines on the left and right sides.



**CLAVES DE RESPUESTA**

**COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS**

<b>TAREFA 1</b>	<b>SANTIAGO DE COMPOSTELA</b>	<b>...../7,2 puntos</b>
-----------------	-------------------------------	-------------------------

<b>BANCO DE PALABRAS</b>
apartamentos
arredores
cafeterías
contos
*(cruzamentos)
museos
prazas
randeiras
soportais
tellados
vistas

<b>RESPOSTAS</b>	
<b>0</b>	<b>contos</b>
<b>1</b>	soportais
<b>2</b>	prazas
<b>3</b>	randeiras
<b>4</b>	tellados
<b>5</b>	museos
<b>6</b>	arredores
<b>7</b>	cafeterías
<b>8</b>	apartamentos
<b>9</b>	vistas



<b>TAREFA 2</b>	<b>OS ZOCOS DE ELENA FERRO</b>	<b>...../6,4 puntos</b>
-----------------	--------------------------------	-------------------------

	<b>ASEVERACIÓNS</b>	<b>V / F</b>	<b>Corr.</b>
0	<i>Os avós de Elena Ferro eran zoqueiros.</i>	V	✓
1	A familia Ferro vive dunha profesión que está desaparecendo.	V	
2	Para faceren os zocos usan, entre outros materiais, peles de orixe animal.	V	
3	Empregan cores arriscadas para fuxir das tendencias da moda.	F	
4	Os zocos recibiron un premio de artesanía tradicional por estaren inspirados na natureza.	F	
5	Os produtos de <i>eferro</i> mércanse unicamente a través da súa páxina web.	F	
6	Pódese visitar a tenda-taller para ver como se elaboran os zocos.	V	
7	Elena Ferro afirma que facer zocos foi unha arte menosprezada.	V	
8	A zoqueira asegura que as redes sociais contribuíron para a divulgación do seu traballo.	V	



<b>TAREA 3</b>	<b>FILMES EN GALEGO</b>	<b>...../6,4 puntos</b>
----------------	-------------------------	-------------------------

	<b>En que filme...</b>	<b>LETRA DA RESPOSTA</b>	<b>Corr.</b>
<b>0</b>	<b><i>se fala de incendios?</i></b>	<b><i>H</i></b>	
<b>1</b>	acontecen os feitos en doce horas?	<b>B</b>	
<b>2</b>	morre o amante da protagonista?		
<b>3</b>	se fala dun sentimento de odio?	<b>E</b>	
<b>4</b>	se perdeu un veciño?	<b>F</b>	
<b>5</b>	se reflicte un problema de tipo económico?	<b>A</b>	
<b>6</b>	se trata sobre o consumo dunha substancia daniña?	<b>D</b>	
<b>7</b>	un casamento foi noticia?	<b>C</b>	
<b>8</b>	un dos protagonistas traballa de sanitario?	<b>I</b>	
<b>9</b>	unha personaxe descansa nunha furna?	<b>G</b>	



**CLAVES DE RESPUESTA**

**COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORALES**

<b>TAREA 1.<sup>a</sup></b>	<b>As flores da cabaceira</b>	<b>..... / 5,6 puntos</b>
-----------------------------	-------------------------------	---------------------------

	<b>PREGUNTAS</b>	<b>A / B / C</b>	<b>Corr.</b>
<b>0</b>	<b>Que receita imos escoitar?</b>		
	<b>A. Unha de cabazas de temporada.</b>	<b>C</b>	
	<b>B. Unha de flores de cabaza de temporada.</b>		
	<b>C. Unha de flores de cabaza en tempura.</b>		
<b>1</b>	<b>Que tipo de flores de cabaceiras hai?</b>		
	A. Flores macho e flores femia que non se diferencian.	<b>C</b>	
	B. Flores macho e flores femia que se unen para dar froito.		
	C. Flores macho e flores femia que son distintas.		
<b>2</b>	<b>De que tipo de flores sae o froito?</b>		
	A. Das que son femia.	<b>A</b>	
	B. Das que son macho.		
	C. Das que teñen estame.		
<b>3</b>	<b>Por que recomendan seleccionar as flores macho?</b>		
	A. Para non botar a perder o froito	<b>A</b>	
	B. Para non danar a horta.		
	C. Para non estragar a receita.		
<b>4</b>	<b>Que ingredientes empregamos na receita, entre outros?</b>		
	A. Auga, sal e pemento.	<b>B</b>	
	B. Bicarbonato e fariña.		
	C. Leite.		
<b>5</b>	<b>Onde está o pole das flores de cabaza?</b>		
	A. Nas anteras.	<b>A</b>	
	B. Nos pétalos.		
	C. Nos sépalos.		
<b>6</b>	<b>Para que temos que pasar as flores por auga?</b>		
	A. Para eliminar algún bicho.	<b>A</b>	
	B. Para quitar o pole.		
	C. Para retirar restos de bicarbonato.		
<b>7</b>	<b>Cal é o último paso da receita?</b>		
	A. Mergullar as flores en tempura e cocelas.	<b>C</b>	
	B. Pasar as flores pola tempura e ferverlas.		
	C. Somerxer as flores en tempura e frixilas.		



<b>TAREA 2.<sup>a</sup></b>	<b>O libro <i>Made in Galiza</i></b>	<b>..... / 8 puntos</b>
-----------------------------	--------------------------------------	-------------------------

	<b>ASEVERACIÓNS</b>	<b>V / F</b>
<b>0</b>	O que fala di que máis da metade da súa audiencia é de fóra de España.	<b>V</b>
<b>1</b>	Afirmase que no noroeste da Península se fala máis galego ca castelán.	<b>F</b>
<b>2</b>	O falante vai facer unha recensión en galego dun libro escrito nesta lingua, xa que é consciente de que todo o mundo a vai comprender.	<b>F</b>
<b>3</b>	<i>Made in Galiza</i> é un libro de Séchu Sende que foi recomendado nun instituto para o 1º de bacharelato.	<b>F</b>
<b>4</b>	A dificultade de facer unha recensión deste libro é que non posúe a típica estrutura de presentación, nó e desenlace.	<b>V</b>
<b>5</b>	O libro <i>Made in Galiza</i> trata dunha única historia que se desenvolve nunhas 130 páxinas.	<b>F</b>
<b>6</b>	O tema central de <i>Made in Galiza</i> é o das linguas maioritarias.	<b>F</b>
<b>7</b>	Un dos temas principais do libro <i>Made in Galiza</i> é a historia dos nosos ancestros.	<b>F</b>
<b>8</b>	Este libro baséase en historias que o autor viu no cinema.	<b>F</b>
<b>9</b>	O falante di que o libro <i>Made in Galiza</i> lle recordou a algunha parte da obra de Castelao.	<b>V</b>
<b>10</b>	Dise que o libro lle gustou a todo o alumnado da clase.	<b>V</b>



<b>TAREA 3</b>	<b>Terras do leste: Portugal</b>	<b>...../6,4 puntos</b>
----------------	----------------------------------	-------------------------

	PREGUNTAS	AUDIOS			
		1	2	3	4
	<i>En que documento sonoro escoitamos que ...</i>				
<b>0</b>	<b><i>as causas do dominio portugués hai que buscalas na súa historia?</i></b>				<b>X</b>
<b>1</b>	a música típica de Portugal é o fado?			<b>X</b>	
<b>2</b>	as conquistas aconteceron hai máis de cinco séculos?	<b>X</b>			
<b>3</b>	as viaxes orixinaron lendas portuguesas?				<b>X</b>
<b>4</b>	dous autores galegos participaron das viaxes alén mar?				
<b>5</b>	dous poetas portugueses escribiron sobre as viaxes ultramarinas?		<b>X</b>		
<b>6</b>	no sur do país hai turismo de sol?			<b>X</b>	
<b>7</b>	Portugal ten moi boas infraestruturas para o turismo.	<b>X</b>			
<b>8</b>	o desenvolvemento dunha escola de navegación influíu na expansión dos portugueses?				<b>X</b>
<b>9</b>	os portugueses partían do cabo San Vicente?	<b>X</b>			



**PAUTAS DE CORRECCIÓN  
MEDIACIÓN ESCRITA**

El redactor debe ponerse en el papel del destinatario, teniendo en cuenta su necesidad.

El texto mediado debe contener:

1. las **acciones** a realizar:

*transmitir información específica:*

ideas principales: información sobre trazados de rutas oficiales, información sobre red de albergues, condiciones meteorológicas, contacto con centros de salud

2. las **características** del texto:

*género:* exposición

*tipo:* whatsapp

*formato:* texto escrito  *soporte:* digital

3. **la/s lengua/s**, *variedades y modalidades que el mediador puede/debe utilizar:* variedad estándar, registro coloquial

4. **la información** que el texto que produzca el mediador debe contener:

-la cantidad (solo la que se indique en las instrucciones: aquella que tenga que ver con la seguridad en el camino)

-el tipo (ideas principales: información sobre trazados de rutas oficiales información sobre red de albergues, condiciones meteorológicas, contacto con centros de salud)

5. **la extensión/duración:** el texto producido debe tener mínimo de 60 y máximo de 90 palabras.





## **PAUTAS DE CORRECCIÓN**

### **PRODUCCIÓN Y COPRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS**

#### **TAREA 1**

##### **FUNCIONES**

- Utilizar el formato y el tratamiento adecuado (es un **artículo**): título, alusión a los posibles lectores y adaptación al registro que corresponda.
- Dar información sobre un aspecto concreto (**datos biográficos de una persona que le haya influido en su vida**) y adaptarlo al contexto.
- Exponer la situación bajo su punto de vista, con sus pros y contras, si procede.
- Explicar las causas, finalidades y consecuencias.
- Expresar objeción y reticencias.
- Expresar grados de certeza, duda e incredulidad.
- Expresar, justificar, defender y contrastar hechos y opiniones.
- Hacer suposiciones y plantear hipótesis.
- Expresar y preguntar por grados de certeza, evidencia, duda e incredulidad
- Formular condiciones con mayor, menor grado o imposible realización en el pasado, presente y futuro.

#### **TAREA 2**

##### **FUNCIONES**

- Saludar, despedirse, dirigirse a alguien y llamar la atención del interlocutor con el tratamiento adecuado, de acuerdo con el grado de conocimiento y del tipo de relación y en diferentes registros y canales. (**correo electrónico**)
- Aconsejar con su punto de vista. (**posibles acciones de voluntariado**).
- Explicar las causas, finalidades y consecuencias.
- Expresar objeción y reticencias, grados de certeza, duda e incredulidad.
- Exponer algún caso similar conocido por el candidato.
- Justificar, defender y contrastar hechos y opiniones.
- Hacer suposiciones y plantear hipótesis.
- Invitar al acuerdo o desacuerdo y predecir.
- Preguntar y expresar posibilidad y probabilidad.
- Valorar ideas, hechos, servicios y acontecimientos.
- Elogiar y su contrario.



## **PRUEBA DE CERTIFICACIÓN – BLOQUE B**

### **MEDIACIÓN DE TEXTOS ORALES**

**CONTEXTO:** Vostede precisa mercar un ordenador portátil e estivo a procurar información.

**TAREFA:** Resuma o seguinte artigo para explicarllo a un amigo que tamén quere facer o mesmo.

#### **Miniordenador portátil**

O seu prezo non supera os 400 euros, o seu peso apenas pasa do quilogramo e as súas dimensións son tan pequenas que caben nun bolso ou nun maletín.

Alén das vantaxes non é un substituto dun ordenador de sobremesa ou dun portátil convencional. Debido ao seu reducido tamaño, a súa memoria é limitada, dado que o disco duro é unha das partes máis pesadas e caras dun ordenador. Por iso diminúe a capacidade de almacenaxe nestes ultralixeiros.

Aspectos que convén valorar na compra dun portátil ultralixeiro:

**A conectividade:** deben ter, como mínimo, dous portos USB para poder conectar cun disco duro externo e un rato, xa que o seu dispositivo táctil non é cómodo de usar. Tamén deben dispor de conectividade Wi-Fi e, se pode ser, vía porto ethernet. 9000

**O peso:** mentres non supere os 1,3 quilogramos, o aparello é cómodo de transportar.

**O tamaño:** debe ser semellante ao tamaño dun bolso de man de señora, para que caiba en todos os lugares.

**Autonomía da batería:** a media sitúase nas tres horas de duración a pleno rendemento e co detector de redes Wi-Fi aceso.

**Tipo de memoria:** canto maior sexa a capacidade do disco duro, mellor. O problema é que o prezo se pode disparar.

**Programas por defecto:** hai que comprobar que o ordenador se vende con programas abondos de serie, como un navegador, un procesador de textos ou un reprodutor multimedia.

**Entradas de audio e de vídeo:** se se desexan realizar chamadas por Internet e videoconferencias, cómpre que o aparello dispoña dunha cámara instalada e que o ordenador inclúa entrada de audio por micrófono e saída por altosfalantes.

**Texto adaptado de revista *Eroski Consumer***



## **PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORALES (MONÓLOGO)**

**CONTEXTO:** Estas tres fotografías muestran dous xeitos de pasar as vacacións.

**TAREFA:** Trate os seguintes puntos:

- Que prefire vostede, praia, montaña ou visitas culturais?
- Cal escollería se viaxase coa súa parella? E cun grupo de amigos? Por que?
- Cales son as vantaxes e os inconvenientes de cada unha das opcións?

Compare, contraste e xustifique a súa opinión.





## **COPRODUCCIÓN DE TEXTOS ORALES (DIÁLOGO)**

### **ENUNCIADO CANDIDATO A**

**CONTEXTO:** Vostede e o/a seu/súa colega van estudar o próximo curso académico no estranxeiro e teñen pensado compartir casa. Reúñense para falar do tipo de aloxamento que escollerán.

**TAREFA:** Debata co/a seu/súa colega, ata chegar a un acordo, o tipo de aloxamento que mellor lles acaerá.

- Unha casa dos arredores da vila de catro cuartos, que poderán compartir con outras dúas persoas, e que lles custará ao redor de 800 € ao mes.



### **ENUNCIADO CANDIDATO B**

**CONTEXTO:** Vostede e o/a seu/súa colega van estudar o próximo curso académico no estranxeiro e teñen pensado compartir casa. Reúñense para falar do tipo de aloxamento que escollerán.

**TAREFA:** Debata co/a seu/súa colega, ata chegar a un acordo, o tipo de aloxamento que mellor lles acaerá.

- Un apartamento de dous cuartos no centro da vila, que lles custará ao redor de 600 € ao mes.

